

Utilidades - Paquete de actividades Ardora con control de usuarios/ás

www.webardora.net

Con Ardora podemos tamén obter un **informe detallado** do traballo realizado por cada alumna e alumno **sen necesidade** de albergar o paquete nunha **plataforma de teleformación** como Moodle ou usar bases de datos.

Unicamente deberemos de crear o paquete de actividades ao que indicaremos que imos usar unha "xestión de usuarios" e copiar a carpeta creada polo programa ao publicar no noso servidor.

Actividades						14 / 5 / 2016
P6 B						
■ F [Nombre]						1
						Σ 22
						✓ 6 / 6
1.- 12/04/2016						
Nº	Actividad	Ejecuciones	Estado	intentos	puntos	
1	Recuerda	2	✓	0	4	
3	¿Qué puntos son?	1	✓	1	5	
4	Pon a trabajar tu imaginación.	1	✓	1	2	
5	El vértice perdido	1	✓	0	2	
6	La mosca de Descartes	1	✓	0	2	
					Total	22
■ F [Nombre]						1
						Σ 21
						✓ 6 / 6
1.- 12/04/2016						
Nº	Actividad	Ejecuciones	Estado	intentos:	puntos:	
1	Recuerda	2	✓	0	4	
2	Indica los puntos	2	✓	1	6	
3	¿Qué puntos son?	1	✓	1	5	
4	Pon a trabajar tu imaginación.	1	✓	1	2	
5	El vértice perdido	1	✓	0	2	
6	La mosca de Descartes	1	✓	0	2	
					Total	21


Captura de pantalla do informe (neste caso só se mostran dous alumnos) que o profesorado pode obter sobre o traballo realizado polo alumnado nun determinado "paquete de actividades".

O procedemento é moi sinxelo:

1. - Debemos de crear un sistema de **control de usuarios** co programa. *Nos tutoriais de Ardora (Aptdo. 6. - Páxinas en "servidor) dispón dun tutorial sobre a "xestión de usuarios".*


2. - Creamos o **paquete de actividades**. *Pode consultar os tutoriais do programa (Aptdo. 2. - Utilidades) o que leva por título "Paquete de actividades".*

3. - Indicaremos ao programa que usaremos "Xestión de usuarios", indicando, na **pestaña**



"3. - Cree o paquete", o lugar no que se atopa a carpeta da xestión de usuarios que previamente creamos e publicamos.

4. - **Publicaremos** o paquete, con isto obteremos unha carpeta que debemos de copiar **dentro dun servidor web**, ben sexa nun servizo de hosting ou nun servidor local.

Dende ese momento, cada vez que un alumno acceda ao paquete de actividades deberá de introducir o seu usuario e contrasinal e o sistema rexistrará todo o traballo realizado por cada un. O docente só ha de acceder tamén ao paquete e pulsar sobre a icona de  "avaliación".

Nunha nova pestaña do navegador aparecerá o listado do seu alumnado, pulsando sobre cada nome poderá ver o traballo realizado.

Nº	Actividad	Ejecuciones	Estado	intentos:	puntos:
1.- 08/04/2016					
1	Recuerda	2	✓	0	4
2	Indica los puntos	1	✗	1	-1
3	¿Qué puntos son?	0	⊙	0	0
4	Pon a trabajar tu imaginación.	0	⊙	0	0
5	El vértice perdido	0	⊙	0	0
6	La mosca de Descartes	0	⊙	0	0
				Total	3
2.- 11/04/2016					
1	Recuerda	4	✓	0	
2	Indica los puntos	1	✓	0	
3	¿Qué puntos son?	1	✓	1	
4	Pon a trabajar tu imaginación.	1	✓	1	
5	El vértice perdido	2	✓	0	
6	La mosca de Descartes	1	⊙	0	

Neste caso o alumno accedeu en tres días distintos ao paquete, a máxima puntuación que obtivo foi de 21 puntos e o número máximo de actividades resoltas correctamente "nun intento" foi de cinco das seis que ten o paquete. O primeiro día só resolveu correctamente a primeira actividade ("Recuerda") mentres que no segundo día "pechou" o paquete cando estaba a realizar a actividade de "La mosca de Descartes".